



INFORME XERAL

de

SECRETARIADO SALINTE





===== SALUDO O Iº CONGRESO DAS CC.OO. DE GALICIA =====

COMPAÑEIRAS E COMPAÑEIROS:

En primeiro lugar, un afectuoso saludo en nome do Secretariado salinte a este 1º Congreso das CC.OO. de Galicia.

Un saludo tamén as compañeiras/os invitados ^{vecol} representantes de Partidos e Sindicatos que nos acompañan.

Coido que a celebración deste 1º Congreso na legalidade, e un acontecemento de enorme importancia pros traballadores de Galicia, pois a súa propia celebración e unha conquista de tódala clase obreira e sectores populares, nese longo camiño que houbo que recorrer de clandestinidade, baixo unhas condicións de dictadura que usou das técnicas mais complexas pra impedir que os traballadores poidéramos organizarnos libremente e loitar pra salir da dura situación de explotación a que estuvemos i estamos sometidos.

Este camiño recorrido, cheo de dificultades e sacrificios, de cárceles, de exilio, de compañeiros que deixaron a súa vida. Souperon recorrello os traballadores con decisión, responsablemente. E as CC.OO., xunto con outras forzas democráticas, estuvemos en todo momento o fronte destas loitas, dirixindo, organizando, impulsando a loita pola conquista das liberdades democráticas e nacionais.

Hoxe estamos eiquí, disfrutando dunha legalidade conquistada con moito esforzo e sacrificio. Vaia o noso homenaxe sincero pra todos aqueles compañeiros que fixeron posible esta nova situación e que non poden acompañarnos porque xa non están con nós, nunca os esqueceremos, porque forman parte da nosa historia, dunha historia da que nunca rexeitaremos.

INFORME XERAL O PRIMEIRO CONGRESO DAS CC.OO. DE GALICIA

A historia da clase obreira, e unha loita constante por organizarse, por crear a súa propia organización e así poder loitar polo PAN e a LIBERTADE, conscientes que non se regalan, se conquiren.

Neste senso, nacen e se desenrolan as CC.OO. Moitos foron os ataques dirixidos a que desapareceran, pero todos fracasaron. E fracasaron porque o nacemento das CC.OO., hai que entendela como a culminación dun proceso histórico, como fruto das experiencias vivas protagonizadas polos traballadores. Porque foron creadas por e pra os traballadores e forman parte deles; por elo non poideron destruílas.

Desde o seu nacemento houbo que recorrer diversas etapas, pasar de ser movemento organizado a Sindicato de novo tipo, e a pesar de tódolos obstáculos a vencer, soupemos o que conviña facer en cada momento, e hoxe xa como a primeira Central do país, imos a dar un paso importante na nosa consolidación como Sindicato.

Este Iº Congreso debe servirnos pra organizarnos mais e mellor, pra dotarnos dos medios necesarios pra defender e conquistar os dereitos dos traballadores, pra consolidar e facer avanzar a democracia, conquistar a unidade e camiñar con paso firme hacia o Socialismo en liberdade.

NACIMENTO DAS COMISIONS EN GALICIA

Coido que convén facer unhas breves consideracións sobor do proceso recorrido dende que nacen as CC.OO. en Galicia. E pra élo hai que señalar algúns dos rasgos que identifican e condicionan a clase obreira de Galicia.

A opresión nacional, a escasa industria e polo tanto unha --clase obreira pouco numerosa e dispersa en tres ou catro nucleos importantes (Vigo, Coruña e Ferrol,...) moi repartida en un sin fin de pequenas e medias empresas, donde soio unha minoría--traballa en sectores punta da economía, e ademais o aislamiento--que esos núcleos de poboación padeceron. A falta de institucións culturais, de investigación, a ausencia dunha burguesía dinámica, etc. foron elementos que incidiron no retraso da aparición de CC.OO.

en Galicia con respecto do Estado.

Así vemos como no ano 1956, empezan a aparecer a nivel xeral as CC.OO., e en Galicia, non aparecen hasta o ano 1962.

As fases polas que atravesas Comisións en Galicia, pode situarse entre os anos 1962-66, de espontaneidade, donde aparecían pra resolver un problema concreto desaparecendo logo; e en Bazán, de Ferrol, en Barreras e Vulcano de Vigo, con motivo das eleccións sindicais do ano 1966, en assembleas de traballadores, donde se forman as primeiras Comisións que terán continuidade.

Esta nova fase, como movemento organizado, situase entre os anos 1966-76. A partir de ese ano comenza o proceso de estruturarnos como Sindicato.

Si ben a aparición de CC.OO. en Galicia, foi con certo retraso, o seu desenvolvemento, aproveitando a influencia que empezaban a ter no resto do Estado, foi adaptándose a niveles xerais.

Xa no ano 1967, cando se fixo a primeira xuntanza a nivel do Estado, estaban presentes representacións de Vigo e Ferrol. Pero é no ano 1.968, cando se fai a primeira Asamblea das CC.OO. de Galicia. Néla se nombra a Coordinadora e o seu Secretariado.

Hasta hoxe, fixéronse cinco Assembleas de Galicia. En 1.968, a primeira, en 1.970 a segunda, en 1.973 a terceira, en 1.974 a cuarta y en 1.976 a quinta e última.

A importancia que ten o que as CC.OO. de Galicia se estruturaran e se dotaran dos seus órganos de dirección e coordinación e coordinación é moi grande. Pois elo permitiu analizar os problemas dos traballadores e de Galicia, e ir artellando alternativas pra resolverlos, incidindo na problemática nacional.

Hay que destacar que foi no ano 1.972, coas folgas de Ferrol e Vigo, onde se deu o salto que fixo que a clase obreira de Galicia se puxera a vanguardia.

E foi o dez de marzo en Ferrol, onde se incidiu o que podemos chamar o despegue da clase obreira de Galicia, culminando coa Folga Xeral de Vigo en setembro do mesmo ano.

Non vou a referirme en detalle a estas folgas de todos coñecidas, pero si quero propoñer a este Congreso que o dez de marzo, día en que perderon a vida dous traballadores da Bazán,

Daniel e Amador, na loita polo PAN e LIBERTADE, que esa fecha, dez de marzo, sexa institucionalizada como o día da clase obrreira de Galicia.

As loitas pequenas e grandes que encabezou CC.OO. durante estes anos, a defensa dos dereitos dos traballadores, o seu empeño por conquistar as liberdades democráticas e nacionais, foron elementos que tiveron en conta os traballadores a hora de afiliarse, a hora de darlle o respaldo a unha Central Sindical.

Hoxe somos un Sindicato con cerca de 90.000 afiliados, con ...**25**. sindicatos constituídos a nivel de Galicia, e outros a punto de constituírse, con **.35.** Unions.

A nosa política sindical, a nosa responsabilidade en facerlle fronte os graves problemas que atravesou e atravesa o país, o haber sabido combinar a loita legal y extralegal, o aproveitamento dos cargos sindicais, foron factores determinantes pra facer de aquél movemento que era CC.OO. o Sindicato de novo tipo que somos, de masas e de clases, democrático, sociopolítico, unitario, independente.

Fomos a forza fundamental pra acabar co sindicato vertical, e unha peza clave pra conquistar a liberdade pra noso pobo. Naide pode negarnos ese papel.

Hoxe como Sindicato, estamos defendendo as reivindicacións que día a día temos os traballadores, sin demagoxias nin posturas electoralistas, estamos levando mais expedientes de crisis que naide, resolvéndoos e plantexando solucións a grave situación que atravesamos, participamos na elaboración da maioría dos convenios colectivos que se están discutindo, é decir, que a nosa actividade en conquistar melloras reivindicativas e de tipo social pra os traballadores, é continua, a pesar da falta de medios que temos.

Falta de medios que a veces nos fan difícil o traballo, que nos fan dedicar parte do noso esforzo en dotarnos deles, que fan que a veces recibamos críticas, por non poder atender todo o que desearíamos atender e que o tipo de sindicalismo que temos que practicar nos esixe, sobor de todo refírome a nosa actividade sociopolítica. Penso que temos que seguir facendo esforzos pra dotarnos da ferramenta necesaria pra defender o pan o traballo e a liberdade dos traballadores.

ELECCIONES SINDICALES.-

Pero a pesar dos erros que poidemos cometer, e que hai que adprender déles, os traballadores se identificaron con nós, - coa nosa política sindical, e así, nas eleccións sindicais ob- tuvemos .2.422. delegados, que é .50,6.% do total, e o 34.% mais que a Central que nos sigue, i entre as dúas. 66,5.% de de- legados.

O desenrolo e resultado das eleccións sindicais constata - en primeiro lugar un avance do sindicalismo democrático sobor das intencións e maniobras do goberno da UCD, de non recoñecer a celebración das eleccións e posteriormente, de que éstas pa- saran desapercibidas ó máximo. Maniobras que non obstante, con- seguiron limitar as empresas en que se celebraron eleccións e crear un clima de desorientación e confusión.

A pesar do recente da súa legalización, da inmadurez das súas estruturas, da cantidade e gravidade dos problemas a que deben facer fronte simultáneamente, as Centrales Sindicais democrá- ticas foron capaces de lograr unha participación e unha victo- ria das súas candidaturas, o que pon en primeiro plano a con- ciencia xeneralizada nos traballadores da necesidade dunhos sin- dicatos fortes defendendo seus intereses.

A victoria de CC.OO. e o recoñecemento do papel que han xo- gado ao longo da súa existencia, ao fronte da defensa dos inte- reses dos traballadores e na loita polas liberdades democráti- cas e nacionais.

E a victoria dunha sólida organización, construída e recons- truída día a día, hora a hora, por miles de homes e mulleres - case que sen outros instrumentos que a súa conciencia de clase, co seu tozudo convencimento de que para conquistar seus ouxeti- vos os traballadores deben organizarse como clase baixo unhas principios de clase. Unha organización enraizada nos centros de traballo.

E a victoria do sindicalismo que practica e pregoniza CC.OO.: de clase, democrático, sociopolítico, con o ouxetivo irrenuncia- ble de conquistar a unidade sindical.

Efectivamente, os resultados que denantes mencionamos confir- man a nosa línea, i é un paso importante hacia a unidade sindi- cal neste país.

Pero tamén nos obriga a traballar mais e mellor, porque os traballadores a hora de depositar o seu voto o fixeron polas Centrales de clase, contra o amarillismo, reflexando o seu desexo de unidade.

E nós si queremos ser conscentes coa nosa traiectoria, co que dixemos pra pedírlles o voto "VOTA CC.OO. VOTA UNIDADE", temos que loitar pra conquistar esa unidade tan desexada por todos, temos que seguir facendo esforzos.

Con ela non cabe dúbida, que poderíamos facerlle frente ós problemas que temos, con moitos mais medios, con moitas mais - posibilidades de salir adiante, con menos esforzo que agora.

SITUACION POLITICA I ECONOMICA.-

A situación que estamos a vivir, é unha situación de transición da dictadura a democracia. Temos liberdades políticas, Parlamento elexido polo pobo, pero temos tamén unhas institu^ocións, un aparato de Estado heredado do réximen anterior que é unha pesada lousa pra recente democracia.

Pra entender a situación que atravesamos, hai que ter en conta o como salimos da dictadura. Moitas foron as veces que o dixemos, pero sigue sendo necesario repetílo.

Os traballadores, as forzas democráticas, non tuvemos a forza suficiente pra salir da dictadura como nós pensábamos, é de^ocir, non salimos dunha forma limpa, non foi hasta un día dicta^odura e o seguinte democracia. Aínda que si, tuvemos forza pra impedir a continuación do franquismo sin Franco, de impedir o continuismo.

Por elo, a correlación de forzas que trouxo consigo as elec^ocións xerais do 15 de xunio, non foi todo o favorable pra cla^ose obreira que podería haber sido con outra saída da dictadura tipo Portugal ou Grecia.

Si se houbera dado neste país a ruptura, que nós propugnába^omos, si a clase obreira houbera sido a protagonista do cambio, estaríamos noutra situación mais favorable pra nós.

ELECCIONES DO 15 DE XUNIO.-

O resultado das eleccións do 15 de xunio, trouxo un goberno monocolor da UCD que representa os intereses do capital e as propias contradicións que se dan no partido que goberna, fan que se poña en perigo a consolidación da democracia.

A esta situación, axudou e axuda a postura dalgún partido, que aínda obtendo un resultado que o situaba en posición de esxir estar presente no goberno, a súa actitude foi presentarse como alternativa de goberno, sin ter en conta a situación específica que atravesa España, o como se saléu da dictadura. Deixándolle as mans libres o goberno de Suárez pra tomar unha serie de medidas que non favorecían a clase traballadora.

Esta correlación de forzas nacida das eleccións xerais, fan que, mentras nalgúns aspectos o avance hacia a democracia, aín da que non como nós quixéramos, se vaia dando lentamente, en ou tros, e precisamente por esas contradicións que se dan na UCD, se poña en perigo ese avance.

Así vemos como o goberno, a pesares das súas declaracións, non acaba de levar a práctica medidas que faciliten a extensión e consolidación da democracia. E accede as presións dos capitalistas mais ultras organizados na CEOE, que desearían que se salira da situación de crisis a costa, unha vez mais, dos traballadores.

SITUACION ECONOMICA.-

A situación económica, que non está orixinada como algúns que ren facer creer, pola nacente democracia, sino que é unha gravosa herencia do fascismo, sigue sendo gravísima.

E indudable que a crisis que padecese en España, ten parte do seu orixen, na crisis que a nivel mundial padece o capitalismo.

Crisis mundial que aparece con forza a fines do 1.973, e que presenta síntomas descoñecidos nas anteriores, tales como a simultaneidade entre altos niveles de paro e taxas de inflación moi fortes, o renacer de posicións nacionalistas e proteccionistas esquencidas no mundo occidental dende fai xa tres dé cadas, a aguda debilidade de todo o complexo entramado financiario internacional e unha importante alteración nos mercados de materias primas, principalmente enerxéticas.

Doutra banda, a economía española atravesará a súa crise - mais profunda dende fai 20 anos. Crise que pode considerarse como a resultante de dous elementos principais. O primeiro - deles, a crise mundial á que fixemos unha pequena referencia antes. O segundo, está na falla do modelo de crecemento dictado autoritariamente ao final dos anos 50, baseado na explotación de importante contingente de forza de traballo, na posibilidade de colocación no estranxeiro dos excedentes de man de obra, na apertura indiscriminada á penetración do capital e -- tecnoloxía foráneas, e na explotación acelerada e irracional - de certos recursos naturais.

Como resultado delo habería que sinalar xunto a importantes ritmos de crecemento da renda, o asentamento dun sistema productivo aqueixado de defectos radicais tales como a crise de proporcionalidade na produción, unha agricultura ineficaz, un sector público regresivo e inflacionista, a instrumentalización dun principio de subsidiariedade depredadora do capitalismo estatal, unha estrutura industrial caracterizada por empresas ineficientes e sectores con escasa capacidade de creación de postos de traballo, e, a inserción definitiva -como potencia dependente e de segunda categoría- da economía española na órbita - do capitalismo mundial, con o que isto conleva de dependencia financeira e tecnolóxica respecto ao centro imperialista.

Citaremos como rasgos desta crise a nivel estatal:

- Unha alta taxa de paro, en constante aumento. Na actualidade a cifra de parados é superior a 1.150.000 persoas, ademais dunhas 200.000 traballadores temporeros en paro.

Esta grave situación, doutra banda, afecta aos sectores sociales máis débiles: as mulleres, en especial as casadas; aos xóvenes, xa que o 58% dos parados teñen en España menos de 25 anos; aos homes maiores de 40 anos, que unha vez perdido o traballo non atopan outro; aos que buscan traballo por primeira vez, que representan un 40% da cifra total do paro. Ademais esta grave situación non parece mellorar; a folga de inversións os empresarios añaden o continuo aumento dos expedientes de crise, suspensións de pagos, crise de empresas, etc.

- Non soio xa a imposibilidade de emigrar, senón as cifras de retorno dos emigrantes, que van en continuo aumento.

- Está a seguir a inactividade inversora, tanto privada como pública, esta última a pesares das promesas dos acordos da Moncloa. A industria soio utiliza un 65% da súa capacidade productiva. Os bancos dispoñen de diñeiro, e estarían en condicións de conceder créditos, pero os empresarios non se "animan" a invertir. Ao que habería que añadir a continua evasión de capital, como pon ben de manifesto o "affaire Coca" do que recentemente tivemos noticia e que supuso nada menos que a evasión de 650.000 de pesetas. E soio por citar un caso.

- A esta situación se añade unha elevada taxa de inflación que en 1.977 foi do 26,4%, si ben está sendo constantemente -- frenada nos derradeiros meses.

- A pesares que mellorou substancialmente a balanza de pagos, a demanda exterior --debido a crítica situación económica pola que atravesan os demais países capitalistas--, non contribuye a animar a inversión.

A crisis económica é un dos factores fundamentais que poden provocar a desestabilización.

Pero o goberno sigue sin aplicar na práctica unha política clara, que tendo en conta os intereses nacionais, faga posible a saída da crisis e a consolidación da democracia.

Dende sempre, CC.OO. dixemos que pra que neste país poidera consolidarse a democracia, facíase necesario salir da crisis económica. E que esta saída, soio podería darse co concurso de tódalas forzas políticas e sociais do noso país, facendo unha política racional e nacional, que indudablemente traería sacrificios a todos e permitiría avanzar hacia o futuro.

PACTO DA MONCLOA.-

Neste senso, e conscentes da correlación de forzas, valoramos positivamente os acordos da Moncloa, pero os valoramos positivamente no seu conxunto, aínda que sendo críticos con algúns aspectos. Consideramos que podía ser unha forma pra salir da crisis progresivamente.

O cumprimento na súa totalidade dos acordos da Moncloa, eran un avance neste senso.

Pero o goberno da UCD, demostrando ser consecuente cos seus intereses, aplicóu estos acordos de forma discriminada, retra-

sando as medidas de carácter social, e aplicando aquelas que menos favorecían aos traballadores.

Favoreceu o retraso daquelas medidas que debilitaban o poder da oligarquía: O control do gasto público, a utilidade do chán urbán, a reforma da Seguridade Social, as estruturas comerciais no campo, pesca, o plan enerxético nacional, a reforma e os estatutos da empresa pública e o Código de Dereitos dos traballadores; a reforma fiscal que soio avanzou un cacho; a construción de vivendas sociais, a creación de postos escolares, a extensión do seguro de paro, control das oficinas de colocación e outras. Creando unha situación difícil nas pequenas e medianas empresas.

Estas medidas que favorecen aos traballadores, que están contidas nos acordos da Moncloa, foron retrasados ou non aplicados. I eso, cando xa se acerca o seu final en 1.978:

A gran patronal, organizada na CEOE, entendendo que a presión dos traballadores e sectores populares obrigaba ó Goberno a tomar algunhas medidas que podían significar avances de tipo social, tendo medo de que se lles limitara o seu poder, o disfrute dos privilexios que durante a dictadura fascista tiveron. Desencadenou unha ofensiva de concentracións e mítines, etc., chegando incluso a irse a EE.UU. a pedir axuda.

Esta ofensiva está dirixida a que a Constitución, o proxecto de acción sindical e demais leies que dicte el goberno vaian en contra dos traballadores. Así vemos como unha serie de disposicións, de leies que salen do Parlamento, dado a correlación de forzas que hai nel, tratan de marxinar a sectores importantes de asalariados: Funcionarios, traballadores eventuales, etc.

O intento de manipular a pequena e mediana empresa a través da CEPYME, a creación de Sindicatos amarelos, etc., son algúns dos rasgos desta ofensiva. Que con toda desfachate de enmarcan-na "defensa dos intereses nacionais", mentras levan os cartos a Suiza e insisten na folga de inversións, poñendo aínda mais crítica a situación.

O TERRORISMO.-

Si a situación é delicada, por todo o anteriormente dito,- estáse dando outro elemento, que aínda incide en enrarecéla - mais.

Refírome a escalada terrorista que estáse dando e que, curiosamente agudízase sempre nos momentos en que se van a tomar decisións importantes pra todo o país, no avance hacia a democracia.

O terrorismo non é un fenómeno que orixine a democracia, non é de hoxe. E de sempre i en tódolos países do mundo, sobor de todo cando dábanse posibles situacións de cambio ou de avance hacia a democracia, douse o terrorismo.

Hai que preguntarse ¿E a quén interesa que se paralice o a vance democrático iniciado neste país?.

Aos traballadores, aos sectores populares non, por suposto, porque fumos os que mais tivemos que pagar, os que mais loitamos por conquistar a liberdade, a democracia.

Os traballadores non somos os que temos medo a democracia , e a nosa loita por conqueríla, é unha loita de masas, de participación masiva do pobo.

E o terrorismo é contrario a loita de masas, as inhibe, é un elemento desmovilizador. Un terrorismo, ademáis, engendra - outro terrorismo, xustifica a represión, posibilita a implantación de rexímenes autoritarios de carácter fascista. I é neste tipo de rexímenes donde o capitalismo monopolista de Estado su perexplota ós traballadores, ó pobo.

O terrorismo, veña de donde veña, ó marxen do seu orixen, é contrario ó sindicalismo de clase. A nosa loita contra o terrorismo debe ser decidida, de masas.

CONSTITUCION.-

O texto constitucional que salga aprobado das Cortes, e que será sometido a referéndum de tódolos españoles, vai a supoñer a norma fundamental pola que se rexirá a vida política dos ciudadanos e institucións do Estado.

Esta lei básica, ten repercusións importantes no terreo económico, social e laboral. Por elo, a importancia que pra nós - ten que a Constitución que salga das Cortes, sexa do consenso

de tódalas forzas políticas e sociais que se moven no noso -- país.

Pódese considerar positivo o proieto de Constitución no seu conxunto. Aínda que recolle unha serie de puntos a mellorar.

Unha Constitución non pode recoller o cierre patronal, nin limitar o dereito de todo cidadano a sindicarse, nin limitar o dereito de folga.

Neste senso é necesario que os traballadores sigamos de cerca o desenrolo do debate no Parlamento pra lograr unha Consti-tución que permita unha duradeira convivencia democrática, xa que parécenos esencial que a futura norma básica da nosa con-vivencia civil, logre o respaldo sin reservas dos traballado--res e organizacións sindicais. Elo será, entre outras cousas, garantía da súa eficacia e seguridade de que aquéles que aten-ten contra a democracia se enfrentarán co pobo.

ACCION SINDICAL.-

O proieto de Acción Sindical, elaborado pola comisión da Po-nencia, que sin ser o que nos desexábamos, contiña aspectos importantes pra os traballadores, tamén foi vaciado de contido - pola UCD-AP e minoría catalana na comisión de traballo do Par-lamento, ante a presión da CEOE.

A enorme transcendencia que esta lei ten pra o futuro sindical, fixo que CC.OO. e U.G.T. chamaran ás accións levadas a cabo os días 22 e 23 do pasado maio.

Non podemos consentir unha lei que marxina a millóns de tra-balladores, que non reconece os instrumentos básicos da acción na empresa. Esta lei, si non e mellorada polo Parlamento, nace-rá morta, desfasada. Pois as conquistas feitas na nosa prácti-ca sindical nos últimos anos baixo a dictadura, non vamos a per-mitir que agora se nos limiten.

Estes feitos crean un peligroso desfase con a realidade so-cial que vivimos, e non axudan nin contribúen á consolidación da democracia.

PATRIMONIO SINDICAL.-

Outro "facer" do goberno da UCD, foi o transpasar o Patrimonio Sindical, que nos pertence a tódolos traballadores, que - pagamos coas nosas cuotas.

Por Real Decreto do 14 de abril, aparecido o 4 de maio no BOE, se transfieren os servicios dependentes da AISS, ó Estado. E decir, se apropian do que nos pertence.

As Centrales Sindicales representativas, viñamos facéndolle ó goberno a demanda de que nos foran devoltos os servicios e - dependencias do antigo Sindicato Vertical. E propoñíamos que a xestión fora levada polos axuntamentos e as Centrales, en - tanto non se dira a unidade sindical, xa que entón pasarían a ser propiedade da Central Unitaria.

O criterio da C.S. de CC.OO., é que urxentemente se tomen as seguintes medidas pra efectiva e inmediata utilización dos servicios e dependencias:

- a) Constitución dunha comisión mixta, nos diversos ámbitos territoriales, entre Goberno-Centrales Sindicales representativas que establezcan a utilización de ditos servi cios.
- b) Que polo Ministerio de Traballo se facilite información precisa ás Centrales Sindicales do proceso e estado ai tual dos servicios da AISS. Que se faga un inventario - dos mesmos e que non se produza ningunha transferencia mais.
- c) Que as Centrales Sindicales pasen a dispoñer de inmedia to dos locais e servicios señalados, en base a sua re presentatividade.

De calquer maneira, manifestamos taxantemente, que xamais a ceptaremos que o Patrimonio Sindical, que nos pertence, nos se xa escamoteado. Esa será unha reivindicación permanente pra nós, e loitaremos hasta conquerila.

SITUACION EN GALICIA.-

Hasta aquí, señaléi algúns dos aspectos que a nivel do Estado configuran a situación política i económica xeral. Pero esta situación ten o seu reflexo en Galicia de forma particular:

Como xa decía ó principio deste informe, a falta de desenvolvemento industrial, sendo a maioría das empresas pequenas e medias, calculando en mais de 45.000 centros de traballo, soio 41 superan os 500 traballadores. O peso do minifundio agrario que enmarca os núcleos de poboación obreira, e os aspectos xa sinalados, fan que a crisis económica en Galicia se vexa aínda mais agudizada.

Pra Galicia, igual que outras zonas dependentes de España, como Andalucía, Extremadura e Canarias, alteráronse as bases do seu modelo económico dos anos sesenta; se conxelaron as salidas emigratorias e incluso comenzaron a rexistrarse retornos netos de emigrantes; contraíronse os intercambios económicos con outras zonas, debido ao clima recesivo comercial; e sectores claves da súa base exportadora e dinamizadora xeral entraron en crisis, que, nas condicións en que ten lugar e pola deficiente política con que se enfrenta pode converterse en estrutural, como no caso da construción naval, da pesca e da industria conserveira.

O paro crecente sitúase en cifras alarmantes, alcanzando na industria as cifras que siguen pra o ano 1.977:

Coruña	24.500
Lugo	7.200
Orense	15.080
Pontevedra	19.700
-----	-----
TOTAL GALICIA	66.400

O rasgo mais destacado do desemprego é que existen unhas 23.000 persoas xóvenes que buscan emprego e non o atopan, e por falla de traballo, non poden incorporarse a poboación activa. Doutra banda, no campo galego, dado que non existe traballo asalariado estable, non se rexistran oficialmente niveles apreciables de paro, mais tamén sofren os problemas xerais derivados do paro, xa que logo non poden ir a industria ou a construción

a traballar, nin tampouco tomár o camiño da emigración. Sumando pesca e campo podemos cifrar en 100.000 persoas afectadas polo subempleo.

Os problemas do paro vense agravados pola volta dos emigrantes, producto da crisi xeral do capitalismo europeo e español. Os saldos netos de retornos de emigrantes galegos no estranxeiro foron os que siguen:

1.973	2.263
1.974	21.218
1.975	11.371
1.976	13.589

Claro é que en contra do que tódolos galegos desexaríamos, trátase dun retorno forzoso provocado non pola creación en Galicia de postos de traballo e condicións económicas favorables pra o mesmo, senon pola política de emprego discriminatoria cos inmigrantes, que ante as dificultades económicas, teñen aplicado os gobernos europeos.

Obviamente, estes problemas agrávanse pola carencia de creación de novos postos de traballo e pola ineficacia da política económica oficial. Poderíamos cifrar as necesidades de emprego en:

Absorción do paro	66.400
Retorno medio emigrantes	2.000
Subempleo	100.000
Crecimento vexetativo	8.500

	176.900

Mais non soio non se crean novos postos senón que a situación se agudiza. Sirva como exemplo ven significativo que na provincia da Coruña, houbo durante 1.977 unhas 5.500 traballadores afectados por expedientes de crisis mentras que o número de postos de traballo a crear polos concursos do Gran Area de Expansión Industrial de Galicia (GAEIG) ascendían somentes pra dita provincia a 1.127 (2.263 pra Galicia).

Diante destes problemas síguese sin afrontar a crisis. A Banca privada continúa evadindo fondos de Galicia, e a perda de potencial crediticio chega aos 70.000 millóns de pesetas. Igoalmente as institucións oficiais do credito soio concederon a Ga

licia o 3,64% do crédito, mentras a poboación galega supón o 7,5% do total da de España, polo que se pode cifrar a pérdida crediticia de Galicia en 24.100 millóns de pesetas por este canal. Tamén, é ben sabido como durante os últimos anos as Caixas de Aforro operaron como institucións de drenaxe de fondos das zonas subdesenroladas ás mais avanzadas, por medio do establecemento dos coeficientes de inversión obligatoria dos seus recursos, recollidos no noso país. Con elo se distorsiona a financiación da economía galega e se permite a evasión de importantes continxentes económicos.

A crisis é vivida fortemente polas pequenas e medias empresas. En 1.976 rexistráronse 350 expedientes de crisis que afectaron a unhos 8.000 traballadores. O número e distribución provincial dos rexistrados ao longo do ano 1.977, foi como sigue:

Coruña	215
Pontevedra	90
Orense	60
Lugo	50

415

afectando a unhos 15.000 traballadores.

Soio na provincia da Coruña e hasta a fecha 11 de abril deste ano, iban presentados xa 60 expedientes de crisis que afectan a 1.380 traballadores.

Dun xeito específico a crisis reviste especial gravidade en sectores económicos enteiros como a construción naval, que emprega directamente a 20.000 compañeiros e indirectamente a unhos 15.000. Outras ramas, como as conservas, pesca, etc., viron seriamente dañadas as bases económicas de que vivían.

Nós, fumos os primeiros en presentar unha alternativa acabada ao problema xeral da construción naval; non vou entón a detenerme nas causas e orixen de tal crisis, así como nos elementos que compoñen a nosa alternativa, por ser suficientemente coñecidas. Damos o noso total apoio a Coordinadora Estatal da Construción Naval, como representación válida dos traballadores do sector pra a negociación coa Administración e Patronal sobor do referente a este tema e a sua solución.

E o certo que xa comenzaron a producirse despidos nalgúns

astilleiros e que abundan os expedientes de crisis en empresas auxiliares, o que fai obrigado un plan de emerxencia a corto - plazo, cuio oúxetivo sería frenar os despedidos e sentar as bases dun plan de reconversión que debería asegurar que os traballadores tuveran asegurado, en todo momento, o posto de traballo en este ou outro sector.

No noso plantexamento é fundamental a urxente e absoluta necesidade da participación dos traballadores en todo o plan de reconversión, así como o control da súa posta en práctica.

Doutra banda, o enfoque da crisis naval debe realizarse na perspectiva de lograr unha diversificación e desenrolo indus--trial que evite que cidades enteiras e a propia Galicia depen--dan exclusivamente da evolución económica dunha rama da producción.

O S.N. de CC.OO. de Galicia que xa o 30 de setembro pasado protagonizou unha gran acción de protesta contra a crisis, reitera a súa vontade de facer frente con tódalas súas forzas, a crisis económica que azota Galicia, e manifesta a súa firme decisión de manter a mobilización dos traballadores galegos - pola superación da crisis económica e pola aplicación dunha nova política económica pra Galicia, que recupere os noos aforros e aproveite tódolos recursos nosos na nosa terra.

SOBOR A PREAUTONOMIA.-

A preautonomía abre perspectivas para unha nova situación que temos que ter en conta.

A clase obreira foi i é, a mais interesada polos intereses nacionais de Galicia. E os traballadores fumos, moitas veces en solitario, os que estuvemos a vanguardia na loita polas libertades nacionais.

Fumos, xunto con outras forzas democráticas, defensores da Autonomía, a mobilización do 30 de setembro pasado, feita en solitario polo S.N. de CC.OO. de Galicia, en defensa deses intereses nacionais e pra resolver os problemas dos traballadores. A nosa participación na Xunta Democrática, Taboa democrática, fixo que os traballadores non foran meros expectadores da loita nacional. Entendendo que a liberdade nacional radica-

ba precisamente na democratización do Estado, e que sin esa democratización non había posibilidade da liberación nacional nin social de Galicia.

Hoxe, na nova situación creada pola preautonomía, e dende a nosa posición como Sindicato, creo temos que dar a nosa opinión o respecto.

Penso que hai que lamentar que a Xunta sexa cerrada, que no seu seo non recolla a realidade das forzas políticas democráticas de Galicia. E decir, que non sexa como noutros lugares un Goberno de consenso, de concentración.

Esta composición da Xunta, pode dificultar a elaboración -- dun Estatuto, e nós, como Sindicato, queremos un Estatuto pra Galicia, unha Xunta de goberno que, arroupada pola Asamblea, -- teña atribucións. O transpaso de poderes as Consellerías debe darse o antes posible. Queremos a autonomía pra Galicia porque elo vai a siñificar que os intereses dos traballadores poden -- ser contemplados no marco dunha política laboral dun Goberno -- galego.

Queremos a autonomía pra Galicia dentro dun marco estreito, solidario cos pobos de España. E instamos a que a Xunta, aborde os graves problemas que hoxe padecen os traballadores e o -- pobo de Galicia. Por enriba dos intereses particulares de persoas ou partidos, hoxe hai unha cousa clara, o importante é ganar a Autonomía pra Galicia.

En canto as relacións coa Xunta de Galicia i, en especial, coa Consellería de Traballo, na nosa opinión trátase de que as Comisións Obreiras --que durante tantos anos temos loitado pra que a Xunta sexa unha realidade e alcancemos unha plena Autonomía pra o noso pobo, valorando o que de positivo podería ter de cara aos intereses dos traballadores galegos--, aportemos agora a nosa actividade no sentido de que a Consellería de Traballo, en concreto, e mais la Xunta, teñan unha actuación o mais beneficiosa prós traballadores, e facélo de tal xeito que elo potencie o avance pra facer efectivo neste momento histórico o Estatuto de Autonomía e as diferentes institucións galegas.

No presente momento a tarefa mais importante, a mais urxente, é a de facer fronte a crisis económica, ao paro forzoso, aos expedientes de crisis, reestructuracións, peches de empresas e desdes

pidos. Medidas a tomar neste sentido en canto a control do paro, dos postos de traballo, da distribución do seguro de desempleo, de control dos expedientes e reestructuración, coa participación das centrais sindicais, con un plantexamento de cambio das leies actuais.

Facer fronte ao aumento do coste da vida. Avanzar, en definitiva, concretando e levando a práctica a aplicación íntegra dos acordos da Moncloa en Galicia.

Estas son as tarefas mais urxentes da Consellería de Traballo. Pero hai outras, a medio e longo prazo, que deben estar presentes xa na nosa perspectiva e nas nosas actuacións de hoxe:

- Política salarial e de condicións de traballo en Galicia. Negociación colectiva por ramas da produción.
- Estatutos de dereitos do traballador. E mais especificamente, Estatuto da muller traballadora e do xoven traballador. Artellando ademais, xeitos específicos e garantías de traballo - prós disminuídos físicos.
- Política de Asistencia Social.
- Enseñanza prós traballadores adultos.
- Formación Profesional.
- Enseñanza universitaria prós traballadores e os seus fillos.
- Posible creación dunha fundación pra o descanso e vacacións dos traballadores.
- Análisis da estrutura industrial galega co establecemento dos criterios e prioridades en canto a:
 - Plans económicos comarcales. En que comarcas debe potenciarse o desenvolvemento e con que tipo de industria.
 - Que sectores da produción deben ser prioritarios no seu desenvolvemento.
 - Infraestrutura e condicións sociais que todo elo comporta: vivendas, transportes, enseñanza, sanidade, etc.

Pra todo elo, tanto nas medidas inmediatas como nas a medio e longo prazo, é fundamental a participación das Centrais obreiras, das organizacións patronais e dos partidos políticos.

A posta en marcha desta Consellería de traballo aparece como fundamental.

As relacións coa Xunta as situamos nos seguintes niveles:

- DIRECTAMENTE, ó traveso dos funcionarios afiliados o noso Sin

dicato, por medios dos cales deberemos dar un impulso pra crear unhas relacións democráticas de traballo que renoven o funcionamento da institución pública.

- INDIRECTA, pra problemas sectoriales nos que a Xunta será un mediador entre nós e o sector (transportes, vivendas, etc.) non dependente de éla, pero inscrito en Galicia.

- PARTE CONTRARIA, ó asumir a loita por unha reivindicación que corresponda resolver exclusivamente a Xunta e na que incluso - poidamos ir aliados con outros sectores sociais e políticos.

- DE MEDIACION, co goberno central, pra problemas que deban resolverse a ese nivel e nos que, a veces, faremos fronte común coa Xunta, cando tamén os respalde, ou trátese de conquistar pra ela maiores atribucións políticas.

Pra desenrolar esos niveles de relación será preciso enmarcar as nosas actuacións o traveso de distintos tipos de mecanismos:

- CONSULTA, sobre aspectos de interés, pra algunha ou ambas partes.

- PARTICIPACION EN COMISIONS, pra elaborar cuestións que sexan do noso interés (división territorial, etc.).

- PARTICIPACION EN ORGANISMOS COMARCALES OU NACIONALES , que requiren o noso control (seguridade social, emprego, etc.)

- XESTION DIRECTA, de servizos laborales (bolsa de traballo, etc.)

Trátase, pois, de manter relacións que en ningún momento nos comprometan coa actuación conxunta da Xunta, xa que ela é unha institución política e nós representamos exclusivamente os intereses dos traballadores.

CC.OO. proseguirá no que ten sido nosa línea de defensa dos intereses nacionais de Galicia, o traveso da exixencia de:

-Inmediato transpaso de auténticos poderes e medios a Xunta.

-Urxente celebración de eleccións a Asamblea de Galicia.

-Urxente elaboración e aprobación do Estatuto de Autonomía.

NECESIDADES ORGANIZATIVAS.-

Antes falei das eleccións sindicais que situábanos como a primeira Central de Galicia. Si, podemos decir que hoxe, tanto a nivel de Estado, cos dous millóns de afiliados da Confederación, como en Galicia, os cerca de 90.000, somos o Sindicato -

mais forte, con unha gran práctica sindical, pola nosa capacidade de traballo e de facer política sindical.

Pero esto oblíganos a facer un gran esforzo organizativo si queremos seguir sendo o que somos e si queremos que o noso sindicato sexa operativo.

Neste sentido, eu quero decir que pra cubrir os ouxetivos - que temos, é necesario mais que nunca, acabar co cantonalismo en Galicia, considerar o S.N. como un todo, e neste sentido apoiálo. Traballar pra que sexa cada vez mais forte, mais potente. No novo marco socio-político a vivir, faise necesario acabar con esa mentalidade que aínda temos de traballar pra nosa parcela, sin ter moi en conta como están as demais. E necesario que gran número de dirixentes que temos -dirixentes con unha - gran capacidade- se incorporen ós órganos de dirección do noso Sindicato, presten mais atención as tarefas xerais que salgan do marco da empresa, da localidade. Facer un S.N. forte, e fortalecer tódala estrutura de CC.OO. dende a Sección Sindical - de empresa á Confederación.

E indudable que os nosos métodos de traballo, todavía non - son os adecuados as novas circunstancias. Que todavía hai en - nós vicios da etapa anterior, cando éramos movemento organizado e os nosos órganos eran mais de coordinación que de dirección. Eso temos que acabálo. Hoxe somos un Sindicato, e o noso traballo hai que adecualo a nova situación.

Neste sentido propoño que este Congreso tome a decisión de presentar, pra súa legalización, os Estatutos do S.N. das CC.OO. de Galicia. Que non supón de ningún modo, desvinculación de - ningún tipo da Confederación Sindical da cal formamos parte. Senón, polo contrario, a legalización dos nosos Estatutos, vai nos permitir axilizar o noso traballo. E no novo marco socio-político a vivir en Galicia, faise necesario que teñamos per--sonalidade xurídica que nos facilite a negociación cos gobernos autonómicos, formular as nosas reivindicacións mais directamente e loitar polas intereses nacionais. Vainos permitir facer un S.N. mais forte, e como xa dixen, fortalecer o S.N. e fortalecer a Confederación.

Pra élo é necesario o esforzo de todos, pois, si ben é certo que nalgúns sectores a nosa presenza é forte, hai outros que

aínda non organizamos suficientemente, e que temos a obligación de organizar pra que poidan salir da situación de discrimina--ción a que están sometidos. Sectores como a muller, os xóvenes, os xubilados e pensionistas, o campo, os funcionarios, e outros. e sin tratar de meter neste informe problemas que recollen as ponencias que temos que temos que discutir, vou a tocar algúns aspectos.

A MULLER NO S.N. DAS CC.OO. DE GALICIA.-

En moitas ocasións falamos no noso Sindicato dos problemas que ten a muller, facélo hoxe, sin o firme propósito de resolvélos, penso que non vai servir de nada. Por elo coido que xa vai sendo hora que se tomen en serio por parte do Sindicato os problemas que a muller ten, e que o compromiso de loitar por - superar as desigualdades e opresións a que están sometidas as compañeiras, sexa un compromiso de tódolos afiliados, homes e mulleres.

E indudable que a participación da muller na elaboración, no estudio de solucións que transformen a situación, é fundamental, pero hai que acabar coa mentalidade de que os problemas da muller os resolvan elas. Non é así, os problemas da muller son - problemas que nos afectan a todos.

A discriminación a que están sometidas polas leies, as desigualdades que sofre no traballo e na familia. E un problema social e político ó que hai que facerlle frente.

Non cabe dúbida que o sistema capitalista favorece o que a muller xogue un papel de segundo orden na sociedade. Pois non se pode falar da muller como un ente abstracto sin ter en conta a clase social a que pertenece. Pero non é soio eso, posto que aínda acabando co capitalismo non se resolve toda a problemática feminina.

E necesario levar a cabo unha loita de todos, pra que a muller poda acceder a formación profesional, que poda formarse - culturalmente, pola súa participación na vida social, pola súa participación nos órganos de dirección a tódolos niveles, polo dereito a un posto de traballo, a ter ou non ter fillos, polos anticonceptivos, pola libre sexualidade.

Pola equiparación total, en tódolos órdenes, cos homes.

A XUVENTUDE.-

A desesperación a que están chegando os xóvenes ó non ter acceso a un posto de traballo, é unha situación que pode levar a marxinación a un sector tan importante como é a xuventude.

Por elo debemos esixir que se creen novos postos de traballo prós xóvenes, que se prime por parte do Estado a creación destes postos de traballo. Por outra banda, está recollido nos acordos da Moncloa.

Que se lle pague ós xóvenes en situación de paro o seguro de desempleo.

Limitación das horas de traballo prós xóvenes.

Promoción de escolas de formación profesional.

A creación de secretarías da xuventude ou comisións de traballo que estudien a problemática da xuventude a tódolos niveles

Fáise necesario ter un control das oficinas de colocación, dos censos da xuventude traballadora, propiciar encontros coas organizacións xuveniles responsables.

PENSIONISTAS E XUBILADOS.-

Non podemos esqencer a situación, a veces dramática, en que se atopan miles de pensionistas e xubilados a consecuencia da inflación e as baixas pensións.

Homes e mulleres que diron toda a súa xuventude polo traballo, hoxe véñse abocados a unha situación moitas veces dramática.

Temos que loitar porque as pensións estén equiparadas ao salario mínimo interprofesional, con revisións periódicas, que lles manteña o poder adquisitivo.

Pra que se democratice a xestión dos centros dos xubilados e pensionistas, e pra elo que sexan eles mesmos os que leven a xestión.

FUNCIONARIOS.-

A pesar da complexidade deste sector, onde se dá a existencia de distintas categorías, que van dende os directores ós porteiros, é necesario pra CC.OO. facer un gran esforzo en chegar a él si queremos que a democracia poida consolidarse no aparato estatal. Pra elo hai que defender o dereito a sindicación que como traballadores teñen, os dereitos sindicais sin limitación.

O MAR E O CAMPO.-

Como todos sabedes, a Confederación Sindical de CC.OO., --- creóu a sua Federación do Mar, da cal forma parte o Sindicato das CC.MM. de Galicia, cos seus 9.846 afiliados.

Non vou a entrar no laborioso proceso seguido hasta que se deu a integración de CC.MM. en CC.OO. Pero si quero saludar a delegación de CC.MM. que hoxe participa xa neste primeiro Congreso, polo importante paso dado.

Coido que o proceso de integración, aínda en marcha, vainos permitir extender e consolidar as CC.OO. en Galicia, e prestarlle o noso apoio a un sector dos mais superexplotados.

Non cabe dúbida que sectores como o mar e o campo en Galicia, teñen unha serie de especialidades que temos que ter en conta. Pero si de verdade queremos que no futuro os traballadores de Galicia poidan estar nunha soa Central Unitaria, temos que dar hoxe os pasos necesarios. E certo que as particularidades nestes sectores, fan que moitos traballadores deles non se configuren como asalariados puros. Por ter en propiedade a sua lancha ou o seu cacho de terra que non lle da para malvivir. Pero tamén e certo que son traballadores que non explotan a naide porque non teñen asalariados.

E nós, si de verdade queremos incidir en toda a problemática nacional de Galicia, si queremos sacar a Galicia do atraso económico-cultural e político que ten, hemos de contemplar as especificidades dos distintos sectores productivos galegos.

Neste senso, eu coido que temos que abrir un proceso de relacións con tódolos sindicatos que operan hoxe no campo en Galicia. No camiño de buscar a converxencia entre eles e que poidan seguir o camiño das CC.MM.

E decir, que esa converxencia entre os Sindicatos do campo poidera cristalizar na integración en CC.OO.

As relacións que hoxe temos coas SS.AA. deben extenderse a outros sindicatos que poidan coincidir con nós.

Estes e outros sectores, como os minusválidos con as suas reivindicacións específicas, temos que atendélos, chegar a eles, organizálos e integrálos no S.N. das CC.OO. E pra elo, como xa dixen antes, é necesario o esforzo de todos, facer un S.N. de CC.OO. forte, potente, capaz de abordar tódalas tarefas que te

mos hoxe plantexadas.

Coido que si traballamos todos, si seguimos estes presupostos sinalados, moi pronto podremos multiplicar o número dos nosos afiliados. I é un oxetivo que nos temos que sinalar, que debe salir deste Congreso.

Quero referirme a algúns dos graves problemas que hoxe temos plantexados e que non admiten espera, que temos que abordar.

O PARO.-

Hoxe, as cifras de parados sitúanse a nivel do Estado en - mais de un millón de persoas e que vai en aumento. En Galicia, xa citamos cifras con anterioridade, e si temos en conta a situación tamén citada da Industria Naval, e que non se ve unha recuperación da economía, o panorama preséntase sombrío.

Por elo, a necesidade dunha alternativa ó paro, que asegure os recursos mínimos e necesarios pra vivir os parados e as súas familias.

O pleno do Secretariado da Confederación reunido o día 4 de maio, propuxo o seguinte:

Plan de Solidaridade Nacional contra o paro e polo pleno emprego

Actualmente, o problema dos problemas o constituíe o paro, no noso país. Asegurar o traballo e o oxetivo número uno, e mentras, extender o seguro de desempleo a todos cantos non teñen traballo. Isto exixiría, considerándoo como unha situación de emerxencia, o tomar unha serie de medidas urxentes e un esforzo nacional nesa dirección.

O Pleno do Secretariado, consciente de este problema, na súa reunión do 4 de Maio actual, propuxo o seguinte:

"A C.S. de CC.OO., xunto ca UGT, ven presionando insistentemente -5 de abril, 1º de maio- pra que se tomen medidas eficaces neste sentido. O Goberno aceptou crear distintas comisións Administración-Centrales sindicais sobor do emprego e paro agrícola, co fin de abordar as alternativas concretas pra fecer frente o desempleo.

Por último, recentemente, o Congreso de Diputados aprobou a toma en consideración dun proxecto de lei contra do paro, proposto polo grupo socialista e apoiado polo grupo comunista e - demais forzas parlamentarias a excepción de UCD e o propio Ministro de Traballo aceptou a idea de crear unha Comisión Nacio

nal contra o paro. - Pra que todas estas iniciativas se plasmen en feitos concretos i eficaces, coa urxencia que a situación exige, a C.S. de CC.OO. expone: -a) Que se aceleren o máximo os traballos das Comisións Administración-Centrales sindicais que se constituíron e se poñan en práctica as medidas nelas acordadas. -b) Creada a Comisión Nacional contra o Paro, ésta, no prazo máximo de 15 días, tería que recoller as iniciativas elaboradas tanto a nivel parlamentario como sindical y plasmarlas en medidas urxentes e operativas. - Ante a extrema gravidade e urxencia do problema do paro, que se manifesta especialmente no campo, a C.S. de CC.OO. considera imprescindible poñer en pé un PLAN DE URXENCIA E SOLIDARIDADE NACIONAL, no que, ademais das iniciativas antes mencionadas, se aborden as seguintes medidas excepcionales, que terían un período de vixencia determinado.-

- 1.- Dedicación do importe de unha hora de traballo a semana por parte dos traballadores e de dous horas a semana por cada traballador que empleen por parte das empresas, a obtención dos recursos necesarios pra combatir o paro sin aumentar a inflación
- 2.-Adopción dun imposto especial e directo de solidaridade contra o paro, no que aporte mais quen mais teña.
- 3.- Dedicación do importe do aumento do precio dos produtos considerados de "lujo" pra combatir o paro. - Convencidos de que os traballadores están decididos a practicar esta política de solidaridade de clase e nacional, CC.OO. propón a súa discusión a tódalas forzas interesadas en acabar co paro e consolidar a democracia.

O oxetivo debe ser "un emprego a cada español en condicións de traballar" e mentras, asegurar a protección a tódolos parados do campo e da cidade. Na actualidade, o grado de cobertura do seguro de desempleo, moi baixo en tódolos sectores, non chega mais que o 35% dos parados rexistrados, non cubre a determinados colectivos de traballadores como ós do campo e incluso a súa cuantía é insignificante pra cubrir as necesidades vitales.

Esta política de emprego debe orientarse a protexer adecuadamente ós traballadores parados i evitar os fraudes que se dan por parte de algunhas empresas (contratación de obreiros subsidiados, sin darlles de alta na S.S., expedientes de suspensión parcial "figurados"...etc.), como por parte dalgúns traballado

que aceptan esta situación. Un control eficaz das organizacións sindicais, empresariales e da Administración, evitaría a súa vez estes fraudes."

NEGOCIACION COLECTIVA.-

Os cambios operados na situación política e sindical en España esixen, necesariamente, un replantexamento das relacións laborais. Estamos nun período de transición no que, si ben deixaron de ter corporatividade as bases corporativas do Estado, coa legalización das Centrais Sindicais e o xurdimento das Confederacións patronais como suxectos principais das relacións laborais, aínda non se recoñeceu efectivamente o papel das Centrais Sindicais.

O proxecto de acción sindical presentado polo goberno e apoiado pola UCD e AP, é un bon exemplo. Do mesmo xeito cas súas posicións sobor do dereito de folga, a sindicación dos funcionarios e o sistema económico, dentro do marco da Constitución.

En canto a acción sindical, pra CC.OO. trátase de garantir tres elementos mínimos : representatividade, participación e control democrático das decisións, sexa cal sexa o marco no que se actúe.

Dada a situación económica que sufrimos, estamos asistindo hoxe a unha serie de conflitos de difícil solución dende posturas maximalistas.

E indudable que pra abordar hoxe a negociación colectiva, hai que ter en conta a situación que atravesamos, situación de crisis, correlación de forzas, etc.. Xa non podemos plantexarnos as loitas como denantes, en que non soio se loitaba -- polas reivindicacións concretas, sinon tamén polas liberdades. I esto comprendianno os traballadores. Hoxe, cando plantexamos un conflito temos que ter en conta varias cousas: situación económica do sector, distinguir a empresa privada da pública, a pequena e mediana da gran empresa, etc.. Hai que ter en conta toda unha serie de factores, facer estudos económicos e xurídicos. Si non queremos que os conflitos se salgan do -- cauce e nos desborden. Sin renunciar a ningún dos métodos empregados, como a folga, paro, ritmo lento, etc.. Temos que dosificar o seu emprego, saber cando e cómo temos que empregar cada un deles. Non debemos facer política sindical aventurerista ése non é o noso estilo.

A mobilización e a negociación son os dous pilares básicos da actividade sindical. A negociación debe estar en función -- da correlación de forzas que varía según as mobilizacións. A -- negociación forma parte da mobilización; é un aspecto mais dela. Unha garantía fundamental na elaboración das reivindicacións, na concreción e desenvolvemento das mobilizacións e control das negociacións, é a participación masiva dos traballadores. Trátase de conseguir o máximo desgaste da patronal co mínimo desgaste de forzas dos traballadores. Elo require non perder nunca a iniciativa, a pesares dos mecanismos de manobra, provocación e represión de que dispón a patronal.

Hai que utilizar todas as formas de loita con flexibilidade, que nos permitan arrincar vitorias é, a o mesmo tempo elevar o nivel sindical e a participación dos traballadores. O cal -- estimulará a sindicación e a o fortalecemento dos sindicatos, que é o contrario dos sentimentos de frustración, fracaso e desbandada que producen as derrotas.

En canto a quen debe negociar existe un documento da Confederación sinalando a quen lle corresponde ós distintos niveles. Documento que foi aprobado polo Consello anterior do S.N. das CC.OO. de Galicia. Así, no me vou estender nelo.

Mais digo isto porque continua a confusión en algúns sobor do papel que teñan que xogar os Comités e Delegados de empresa e as Seccións Sindicales, que non se poden confundir, como tampouco se pode confundir o papel dos comités de folga--que algúns todavía están por eles--, con os Sindicatos que teñan unha forte representatividade.

E certo que estamos en un momento de transición e que hai -- confusiónismo do papel que nos distintos ámbitos lle corresponde a cada quen, pero nós temos que asumir con toda a responsabilidade, a ofensiva, o papel que nos corresponde. Senon -- sería facerlle o xogo a o goberno e a patronal, que tentan por todos os seus medios minimizar o papel dos Sindicatos.

Nos somos solidarios cos traballadores en loita polas --
suas reivindicacions, é neste senso hai que volcarse en axu--
dalos. Aínda que nun momento determinado non coincidamos cos
seus métodos, con as formas de plantexar a súa loita. I temos
a obriga de decirllelo a eles, de explicarlles que hoxe non se
pode ir a folgas indefinidas por que sí. Decirlles que os que
con verbas grandielocuentes, con "revolucionarismo" estreito -
provocan estas situacións, non son consecuentes coas reivindi-
cacións dos traballadores; mais ven fanlle o xogo a patronal.

Estamos nunha nova situación conquistada con moitos esfor-
zos e sacrificios polos traballadores; esta situación hai que
consolidala pra facer posible continuar avanzando.

HACIA A UNIDADE.-

A unidade sindical foi i é un dos oxetivos fundamentais -
de CC.OO. Entendendo que a unidade dos traballadores é impres-
cindible pra poder chegar a esa liberación de clase que desexa
mos, as CC.OO. plantexaron dende o seu nacemento, o desenrolar
o sentimento unitario que temos os traballadores, e que víñase
dando na práctica diaria da loita, hasta a culminación o trave
so dun Congreso Constituínte dunha soia Central Unitaria.

O modo en que se saléu da dictadura neste país e a postura
contraria a esta proposta doutras Centrales Sindicales, fixo
que tuveramos que modificar o noso proxecto.

Certo é, que nos cabe certa crítica por haber feito unha in-
correcta valoración da correlación de forzas políticas e seu -
previsible desenrolo, cas consecuencias do mesmo no terreo sin-
dical.

A realidade con a que nos atopamos, foi que a pluralidade
era un feito, que a UGT facía esforzos pra fortalecerse como -
Central, que a USO aínda coincidindo na necesidade da unidade,
non compartía a forma concreta de chegar a éla.

Nesta situación, CC.OO. se constituíu como Sindicato.

Despois apareceron outras Centrales, CSUT, SU, ING, etc.

Coa legalización dos Sindicatos, e favorecido polo confusio-
nismo existente entre os traballadores, potenciado pola patro-

nal e o Goberno o traveso da AISS, apareceron outros sindicatos amarelos.

O serio intento que supoñía a constitución da C.O.S., tampouco deu resultado pola incompreensión da UGT.

Hoxe, a pluralidade e unha realidade que non podemos iñorar, e que nos ten que levar a contemplála sin abstractismos, plantexándonos, claro está, a loita pola unidade baixo outras perspectivas. Pois nunca vamos a deixar dos nosos principios unitarios.

A división sindical se expresa nas diverxencias entre Centrales, seus afiliados e traballadores en xeral, en numerosos conflitos e accións que se desenrolaron nos derradeiros meses.

Mais non se trata de estar expectantes; a unidade se debe - construir cada día no centro de traballo, coa unidade de acción, con plataformas e accións unitarias.

Aínda tendo presente a realidade, elo non nos leva a adicar do noso principio de loita por unha gran Central Unitaria, aínda que recoñecemos que o avance hacia tal fin debe centrarse - nun novo oxetivo: O Congreso de Unificación Sindical. Trátase de partir dos Sindicatos actualmente existentes pra facélos confluír nunha estrutura unitaria.

Os eixes que nos fagan avanzar hacia este oxetivo prioritario serían:

- A unidade de acción, que debe establecerse en función da forza e representatividade do Sindicato con que se efectúa, e a coincidencia de criterios. En base a esto, de forma xeral, - en Galicia elo significa que a desenrolaremos fundamentalmente con a UGT, tendo en conta en cada sector ou zona a posible incidencia de outros sindicatos.

Neste senso estamos asistindo a distintas accións convocadas unitariamente pola UGT e CC.OO.: En torno a xeneralización das eleccións sindicais, que significaron o triunfo do sindicalismo de clase; a acción masiva do día 5 de abril, en solidariedade coa loita contra o paro en Europa; os actos masivos do 1º de maio, i agora as medidas de presión levadas adiante os días 22 e 23 de Maio pra impedir se vacíe de contido a lei de representación dos traballadores na empresa.

- A participación dos traballadores na actuación sindical, abrindo deste xeito un espacio praos traballadores non afiliados que os introduzca nos Sindicatos de clase e conquerindo -- unha dinámica de masas o suficientemente representativa pra facer asumir nosos criterios do modo mais eficaz no conxunto dos traballadores.

- O fortalecemento e desenrolo da nosa Central Sindical, por ser a mais consecuentemente unitaria. A posibilidade de unidade sindical está en relación directa co peso relativo da nosa organización.

E evidente que o proceso é complexo. Hoxe debemos entender o avance hacia a unidade pasando fundamentalmente pola unidade de acción en función de oxetivos comúns, e que o mellor empuje o supón a participación dos traballadores o traveso dos comités de empresa neses proxectos, que en todo intre deben contar coa dirección do Sindicato como eixe verdadeiro da actividade sindical.

Antes de finalizar este informe, quero señalar que nestes momentos en que estamos celebrando o Congreso, se dan unha serie de loitas no noso país. Loitas que a veces alárganse en demasia pola postura cerril dos empresarios.

Refírome ós compañeiros de ASCON, que levan mais de 90 días en folga. Eu quero pedir dende eiquí a plena solidariedade nosa cos traballadores en loita de Ascón, de Regojo, de Niza, Corfi e outros, e con tódolos traballadores que loitan polas reivindicacións obreiras.

Solidaridade tamén, cos traballadores que compoñen os pobos de España e do mundo, particularmente cos de Uruguay, Arxentina e Chile, na súa loita pola liberdade e contra do fascismo.

Compañeiras e compañeiros, que este Iº Congreso sirva pra no so fortalecemento como Sindicato Nacional, pra dotar ós traballadores galegos dun poderoso instrumento que sexa válido na defensa dos seus intereses e os de Galicia. Pra facer unha Confederación Sindical mais forte, sobor da base da solidariedade de tódolos traballadores, que faga crecer o sindicalismo unitario. Na perspectiva de profundización da democracia no camiño ao So lismo.